


# IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA

INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

OPTATIVA- 1º ESO

CURSO:2019-2020

**Docente**

**Diego Cimadevila Louzao**

**Materias**

**Curso e grupo**

**Nº horas**

Investigación e tratamento da información

1º ESO

1

# Índice

<b>I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>II. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....</b>	<b>5</b>
<b>III. OBXECTIVOS XERÁIS DA MATERIA.....</b>	<b>7</b>
<b>IV. METODOLOXÍA.....</b>	<b>8</b>
<b>V. PROGRAMACIÓN POR BLOQUES. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....</b>	<b>8</b>
<b>VI. TEMPORALIZACIÓN.....</b>	<b>17</b>
<b>VII. MATERIAIS E RECURSOS.....</b>	<b>17</b>
<b>VIII. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....</b>	<b>17</b>
<b>IX. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....</b>	<b>17</b>
<b>X. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....</b>	<b>18</b>
<b>XI. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>19</b>
<b>XII. CONTRIBUCIÓN AOS DIFERENTES PROXECTOS DE CENTRO (TICs, LECTOR, PLAN DE CONVIVENCIA).....</b>	<b>19</b>
<b>XIII. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....</b>	<b>20</b>
<b>XIV. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS.....</b>	<b>20</b>
<b>XV. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAAN ADOPTAR COMO CONSECUCIONA DOS RESULTADOS.....</b>	<b>21</b>
<b>XVI. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>21</b>
<b>XVII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....</b>	<b>22</b>
<b>XVIII. MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....</b>	<b>23</b>

---

## I. Introducción e contextualización

### INTRODUCCIÓN

A programación de Investigación e tratamento da información para o ano académico 2017/2018 está redactada tendo en conta o marco legislativo establecido por:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria.,
- Orde do 28 de agosto de 1995, pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95).
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e Orde do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño).

### CONTEXTUALIZACIÓN.

Investigación e Tratamento da Información será impartida nun único grupo de 1º curso, que conta con 17alumnos/as. Ao ser unha materia de libre configuración correspóndelle unha hora semanal.

## II. Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria (LOMCE)

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Os obxectivos a acadar nesta etapa serán:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### III. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA

- Desenvolver habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos.
- Abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo, cun mínimo de eficacia.
- Achegar os alumnos e alumnas á biblioteca escolar do centro e ás súas posibilidades para acceder a textos informativos de diversa índole.
- Recoñecer os dereitos de autoría.
- Procurar información en fontes impresas ou dixitais, e en documentos de formato e contido diverso.
- Elaborar un traballo de investigación no que a planificación, a formulación de preguntas e a recuperación dos coñecementos previos son esenciais.
- Analizar a valoración da información que se recolle, así como na compilación das fontes consultadas para o seu recoñecemento posterior.
- Sintetizar e estruturar a información, e personalizar en produtos orixinais, impresos, audiovisuais ou dixitais o coñecemento adquirido para unha comunicación eficaz.

## IV. METODOLOXÍA

A metodoloxía será activa ou de traballo por proxectos, que implican a consulta de fontes informativas diversas.


O desenvolvemento dos contidos desta materia está ligado á biblioteca escolar do centro desde o momento en que esta, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, se constitúe como ferramenta esencial para o desenvolvemento das competencias clave ás que contribúe esta materia.

Polo dito ata agora, esta materia non se pode abordar de xeito lineal nin teórico. non se trata de desenvolver os bloques como compartimentos estancos ou propostas diferenciadas. A metodoloxía de proxectos resulta a máis acaída para garantir o tratamento de tódolos contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara a elaboración dun produto final que cómpre comunicar.

Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender entre outras. É por iso que imos a tratar os contidos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre unha situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado. O proceso de xestión da información -procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación- pode alcanzar diferentes niveis de complexidade que deberán adaptarse á situación informativa que se deseñe e ao nivel competencial do alumnado.

## V. PROGRAMACIÓN POR BLOQUES. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.



Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital				
1. a 2. b 3. e 4. f 5. g	 B1.1. A biblioteca como espazo de acceso á información	7. B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.	8. INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.  14. INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	9. CCL 1. CD 2. CAA 3. CSIEE 4. CCEC  15. CCL 1. CD 2. CAA
18. a 1. b 2. e 3. f 4. g 5. n	24. B1.2. As bibliotecas como espazos culturais.	25. B1.2. Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información.	26. INEINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.	27. CSC
28. e 1. g 2. n	31. B1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.	32. B1.3. Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.	33. INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.  37. INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.  40. INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.	34. CD 1. CAA 2. CSIEE  38. CCL 1. CAA  41. CSIEE 1. CAA
43. b 1. e	46. B1.4. Estratexias de procura eficaz.	47. B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais.	48. INEINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	49. CCL 1. CAA

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
2. h			51. INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	52. CCL 1. CAA 2. CD
55. n 1. o	57. B1.5. Dereitos de autoría.	58. B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría.	59. INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes. ▪ ▪	60. CSC 1. CAA
Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección				
62. b 1. e 2. f	65. B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.	66. B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.	67. INEINB2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.	68. CCL 1. CAA
			70. INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.	71. CAA 1. CSIEE
73. e 1. h 2. g	76. B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar.	77. B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca.	78. INEINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.	79. CAA 1. CD 2. CSIEE
			82. INEINB2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.	83. CAA 1. CD 2. CSIEE
86. b 1. e 2. h	89. B2.4. Recursos dixitais. Internet como fonte de información.	90. B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.	91. INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.	92. CD 1. CAA 2. CSIEE
			95. INEINB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.	96. CD

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
97. b 1. g 2. h	100. B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.	101. B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados.	102. INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información.	103. CD 1. CAA 2. CSIEE
			106. INEINB2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.	107. CD 1. CAA 2. CSIEE
			110. INEINB2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.	111. CD 1. CAA
			113. INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa. ▪	114. CD 1. CAA
116. e 1. g 2. h	119. B2.6. Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información.	120. B2.6. Coñecer as redes sociais os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles.	121. INEINB2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.	122. CD 1. CSC 2. CSIEE
125. e 1. g	127. B2.7. Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade.	128. B2.7. Valorar os beneficios e os riscos da rede.	129. INEINB2.7.1. Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.	130. CD 1. CSC 2. CSIEE
133. e 1. g 2. h	136. B2.8. Fiabilidade dos espazos web.	137. B2.8. Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables.	138. INEINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.	139. CCL 1. CD 2. CAA
142. b 1. e 2. g	145. B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wiikipedia, etc.	146. B2.9. Valorar as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	147. INEINB2.9.1. Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	148. CD 1. CSC
150. e 1. g 2. h	153. B2.10. Valoración da información recollida na rede.	154. B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes.	155. INEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.	156. CCL 1. CD 2. CAA

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Colocriterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			159. INEINB2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.	160. CCL 1. CD 2. CAA
Bloque 3. Organizarse para investigar				
163. b 1. e	165. B3.1. Procesos de investigación.	166. B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación	167. INEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	168. CAA 1. CSIEE
170. b 1. e 2. g	173. B3.2. Planificación dun proxecto de investigación.	174. B3.2. Planificar o proceso de procura e recuperación da información.	175. INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.	176. CCL 1. CAA
178. a 1. b 2. g	181. B3.3. Traballo en grupo.	182. B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.	183. INEINB3.3.1. Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	184. CCL 1. CAA 2. CSC
			187. INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.	188. CAA 1. CSC
190. b 1. g	192. B3.4. Preparación da procura informativa.	193. B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.	194. INEINB3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	195. CCL 1. CAA
197. b 1. e	199. B3.5. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.	200. B3.5. Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse.	201. INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.	202. CCL 1. CAA
Bloque 4. Procura e tratamento da información				
204. b 1. e 2. g	207. B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	208. B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.	209. INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	210. CCL 1. CD 2. CAA
			213. INEINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordos á súa necesidade informativa.	214. CCL 1. CD

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				2. CAA
			217. INEINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información	218. CCL 1. CD 2. CAA
			221. INEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.	222. CCL 1. CD 2. CAA
225. h	226. B4.2. Análise e comprensión da información atopada.	227. B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, descontinuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais).	228. INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.	229. CCL 1. CD 2. CAA
			232. INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.	233. CCL 1. CD 2. CAA
236. b 1. e 2. h	239. B4.3. Interpretación e valoración da información atopada.	240. B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.	241. INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).	242. CCL 1. CD 2. CAA
245. b 1. e 2. h	248. B4.4. Proceso da información: extracción e síntese.	249. B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.	250. INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	251. CCL 1. CD 2. CAA
254. a 1. b 2. e 3. o	258. B4.5. Citas e referencias.	259. B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citas correctamente no produto final.	260. INEINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.	261. CCL 1. CD 2. CAA 3. CSC 4. CCEC ▪ ▪

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación				
266. 1. e 2. g	269. B5.1. Organización e reelaboración da información.	270. B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc.	271. INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.	272. CCL 1. CD 2. CAA
275. 1. e 2. h	278. B5.2. Estruturación da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc.	279. B5.2. Elaborar diagramas, gráficos, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., coa información recuperada.	280. INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.	281. CCL 1. CD 2. CAA
284. 1. e 2. g	287. B5.3. Reelaboración e personalización da información.	288. B5.3. Estruturar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.	289. INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.	290. CCL 1. CD 2. CAA
293. 1. e 2. g 3. h	297. B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	298. B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.	299. INEINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	300. CCL 1. CD 2. CAA
			303. INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	304. CCL 1. CD
306. 1. e 2. g 3. h	310. B5.5. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	311. B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	312. INEINB5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.	313. CCL 1. CD
			315. INEINB5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.	316. CCL 1. CD 2. CAA
319. 1. h 2. n	322. B5.6. Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).	323. B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes.	324. INEINB5.6.1. Cita con corrección os libros consultados.	325. CAA 1. CD 2. CSC 3. CCEC

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			329. INEINB5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.	330. CCL 1. CD 2. CAA 3. CSC
334. b 1. e 2. g	337. B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).	338. B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.	339. INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	340. CD 1. CCEC
342. g 1. h	344. B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	345. B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)	346. INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	347. CCL 1. CD
349. g 1. h	351. 5.9. Exposicións orais dos traballos realizados. escoita atenta e respecto polo traballo das demais persoas.	352. B.5.9. Expor de forma ordenada e a partir dun guión previo o traballo realizado, argumentando as opinións propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escoita atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.).	353. INEINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados.	354. CCL 1. CSIEE
			356. INEINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.	357. CCL 1. CSC 2. CSIEE
			360. INEINB5.9.3. escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	361. CCL 1. CSC
363. b 1. e 2. g	366. B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.	367. B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.	368. INEINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.	369. CAA 1. CSIEE
			371. INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.	372. CAA 1. CSIEE
			374. INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.	375. CAA 1. CSC
			377. INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de	378. CAA

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia s clave
			relación no medio escolar e social.	1. CSIEE



## VI. TEMPORALIZACIÓN

Os contidos desta materia non se poden impartir de forma illada en cada avaliación. Para poder facer unha temporalización, distribuíriamos os bloques do seguinte xeito:

- 1ª avaliación: bloques 1 e 2.
- 2ª avaliación: bloques 3 e 4.
- 3ª avaliación: bloque 5.

## VII. MATERIAIS E RECURSOS

- Aula de 1º (ABALAR).
- Biblioteca: libros, enciclopedias, prensa, textos, ordenadores.
- Aula de informática.
- Blog específico da materia elaborado polo docente.
- Portafol dos alumnos.

## VIII. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación e avaliación dos traballos escritos.
- Observación e avaliación dos traballos de exposición oral.
- Observación e avaliación dos traballos dixitais.
- Avaliación de cuestionarios de procura de información.

## IX. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### **AVALIACIÓN ORDINARIA**

A nota de cada avaliación obterase nun 100% da media dos traballos realizados. Para contar cara a media é obrigatorio que os traballos se entreguen os nos prazos establecidos. Non se admitirá, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas, a entrega de ningún traballo fóra de prazo. Os traballos non entregados ou entregados fóra de prazo serán calificados coa nota mínima (1 punto).

A nota final do curso será a media das tres avaliacións. Aparecerá no boletín en forma de número enteiro (1 a 10) e sólamente se aproximará na avaliación ordinari e extraordinaria, unha vez superado o 5. Para aprobar é necesario obter como mínimo 5 puntos. Os alumnos que non acaden esta puntuación terán que presentarse na convocatoria extraordinaria de setembro.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

A nota desta avaliación procederá nun 100% do resultado dun exame teórico (preguntas curtas e/ou tipo test) sobre todo o traballado durante o curso. Para tal fin o docente facilitará ao alumno suspenso en xuño uns apuntamentos axustados aos contidos da proba.

## **x. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

- Sabe utilizar a biblioteca como fonte de información.
- Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.
- Recupera información dos recursos dixitais.
- Respecta a autoría de textos e imaxes.
- Utiliza todo tipo de soportes e formatos como fonte informativa.
- Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e privacidade.
- Identifica bos obxectos e as fases do traballo de investigación.
- Sabe elaborar esquemas, resumos, guións ou mapas conceptuais.
- Argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.
- É responsable das tarefas que lle corresponden.
- Comprende e analiza textos continuos e discontinuos.
- Cita as fontes consultadas.
- Representa mediante gráficos e diagramas a información.
- Presenta os traballos de forma correcta.
- Valora o traballo doutras persoas.

## XI. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Conferencias do Plan Director.
- Participación nas actividades organizadas pola biblioteca.
- Visita á biblioteca municipal.
- Visita ao Museo da Escola e da Infancia.

## XII. CONTRIBUCIÓN AOS DIFERENTES PROXECTOS DO CENTRO (TICs, LECTOR E PLAN DE CONVIVENCIA)

### CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

- Elaboración de resumos, mapas conceptuais e esquemas.
- Uso da lectura en voz alta como instrumento para mellorar a comprensión lectora.
- Fomento do uso e consulta de dicionarios e das distintas fontes de información en diversos tipos de soporte e formato.
- Realización de traballos de documentación antes e despois dunha actividade complementaria ou extraescolar.
- Procura de información en xornais e revistas.
- Exposicións orais dos traballos.

### CONTRIBUCIÓN AO PLAN TICs

- Exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC utilizando diferentes programas informáticos.
- Manexo dos principais programas ofimáticos: procesadores de texto e presentacións sinxelas.
- Fomento do uso da internet como ferramenta para obter, interpretar e avaliar información para a realización de traballos.
- Promoción da utilización dos servizos de internet: consulta de páxinas web, correo electrónico, chats, grupos de noticias, foros e transferencia de arquivos.

## ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dende o desenvolvemento desta materia, contribuiremos ao Plan de Convivencia do centro coas seguintes accións:

- Control das faltas de asistencia.
- Colaboración coa titoría do alumnado.
- Atención aos pais e nais de alumnado.
- Fomento na aula da igualdade, da liberdade e da resolución pacífica de problemas.

## XIII. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

- Educación non sexista: a educación para a igualdade entre homes e mulleres maniféstase de forma xeral durante o desenvolvemento da materia a través dun reparto non discriminatorio dos diferentes tipos de tarefas. Fomento da igualdade.
- Educación para a convivencia: a educación moral e cívica atopa espazos de tratamento nos contidos relacionados co traballo en grupo e a cooperación co grupo.
- Educación para o consumo: ten un tratamento xeral nos contidos relacionados coa publicidade e os dereitos de autor.
- Educación para a paz: educando na resolución pacífica dos conflitos, tanto entre compañeiros e compañeiras de grupo como de aula.

## XIV. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS

O alumnado coa materia pendente terá varias vías para a recuperación da materia:

- 1.-Durante o curso , realizando un traballo trimestralmente de acordo ás indicacións realizadas polo docente. A nota da avaliación ordinaria obtense facendo a media das notas obtidas nos traballos correspondentes ás tres avaliacións. Para aprobar será necesario que dita media sexa igual ou superior a cinco puntos.
- 2.- O alumnado que non acade o aprobado terá que presentarse á convocatoria ordinaria de maio. A nota desta avaliación procederá nun 100% do resultado dun exame teórico

(preguntas curtas e/ou tipo test) sobre todo o traballado durante o curso. Para tal fin o docente facilitará ao alumno uns apuntamentos axustados aos contidos da proba.

3.- O alumnado que non acade o aprobado terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro. A nota desta avaliación procederá nun 100% do resultado dun exame teórico (preguntas curtas e/ou tipo test) sobre todo o traballado durante o curso. Para tal fin o docente facilitará ao alumno uns apuntamentos axustados aos contidos da proba.

## **XV. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLENTICAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS**

A avaliación inicial consistirá na realización dunha proba escrita. A proba incidirá sobre a comprensión das ideas principais dun texto e a discriminación destas e das ideas secundarias. Ao tempo, farán un resumo dun texto.

Estas probas tratarán de poñer de manifesto:

- As fortalezas que se identifican no grupo en relación aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo.
- Os aspectos que se deben ter en conta á hora de agrupar ao alumnado para traballos de grupo.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar para os traballos de grupo.
- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou personalización de estratexias de aprendizaxe, actividades de reforzo ou ampliación.

## **XVI. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Esta materia é idónea para traballar con alumnado que presente carencias en aspectos fundamentais como a expresión escrita, comprensión lectora, a convivencia e traballo cos compañeiros e compañeiras, e a autoestima. Para isto adecuaranse as agrupacións á hora do desenvolvemento dos traballos en equipo, gradarase o nivel de dificultade de determinadas actividades e se fose necesario, en colaboración co

Departamento de Orientación, realizaranse adaptacións curriculares significativas para o alumnado que o precise.

## **XVII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

### **REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO:**

#### **DESENVOLVEMENTO DO ENSINO**

Realizarase unha valoración dos seguintes indicadores, propondo melloras cando sexa necesario.

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce contidos novos, relaciónaos, se é posible, cos coñecidos; intercala preguntas, pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.
8. Plantea actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Plantea actividades de grupo e individuais.

### **REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO:**

#### **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE**

Realizarase unha valoración dos seguintes indicadores, propondo melloras cando sexa necesario.

1. Realiza a avaliación inicial para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela.

4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de xeito habitual os traballos e as actividades do alumnado, e dá pautas para a mellora da aprendizaxe.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada aos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades de máis alto nivel cando os obxectivos son acadados con suficiencia.
10. utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.

## XVIII. MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**Mensualmente:** revisarase a temporalización da programación así como a secuenciación e profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, adaptando esta á diversidade do alumnado.

**Ao final de cada trimestre:** revisarase a temporalización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grao de cumprimento de obxectivos e a adquisición de competencias.

**Ao final de curso:** revisarase a temporalización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grao de cumprimento de obxectivos e adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotarase as modificacións na memoria final, e teranse en conta para a programación do curso seguinte.

Ao finalizar cada unidade didáctica propóranse unha serie de cuestións que permitirán ao docente avaliar o funcionamento do programado e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso da seguinte táboa para a avaliación da programación didáctica:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos			
Manexo do contido das unidades			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			